

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE BARBADÁS

NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA, DE DOUS MONITORES POLIDEPORTIVOS, E CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

En cumprimento do legalmente establecido, publícase a Resolución de Alcaldía do 12/04/2024, Decreto núm. 2024-878, pola que se realiza o nomeamento como funcionarios de carreira de dous monitores polideportivos e créase a correspondente bolsa de emprego, do seguinte teor literal:

“A vista dos seguintes antecedentes:

Por Resolución de Alcaldía do 18/05/2022, Decreto núm. 2022- 0841, apróbase a Oferta de emprego público extraordinaria deste concello, para a estabilización de persoal temporal, ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, na que se inclúen 7 prazas de auxiliar administrativo/a. A dita oferta é publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense o 23/05/2023, e no Diario Oficial de Galicia o 24/05/2023.

Por Resolución de Alcaldía do 15/12/2022, Decreto núm. 2022-2573, apróbanse a convocatoria e as bases xerais e específicas, reguladoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal, que son publicadas no BOP de Ourense núm. 291, do día 22/12/2022. A convocatoria publícase no Boletín Oficial do Estado o 23/02/2023.

Unha vez vista a acta definitiva de valoración elevada polo Tribunal cualificador, o 27 de outubro de 2023, en relación coas probas de selección do posto de monitor polideportivo, publicada na sede electrónica do Concello de Barbadás o 27 de outubro de 2023, na que se propón como candidatos a Diego López González e Antonio Vázquez Balado por ser os candidatos que obtiveron maior puntuación.

Unha vez visto que con datas:

1. 09/11/2023, con número de rexistro de entrada de documentos do Concello de Barbadás 2023-E-RC-7471, o candidato Diego López González, presentou a documentación preceptiva para a contratación de acordo co establecido nas bases reguladoras dos procesos selectivos derivados da oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal, aprobadas por Resolución de Alcaldía do 15/12/2022, Decreto núm. 2022-2573 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. 291, do 22/12/2022.

2. 09/11/2023, con número de rexistro de entrada de documentos do Concello de Barbadás 2023-E-RC-7631, o candidato Antonio Vázquez Balado, presentou a documentación preceptiva para a contratación de acordo co establecido nas bases reguladoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal, aprobadas por

Resolución de Alcaldía do 15/12/2022, Decreto núm. 2022-2573 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. 291, do 22/12/2022.

Tendo en conta o disposto en relación a creación de bolsas de emprego tras a finalización dos procesos selectivos correspondentes a esta oferta extraordinaria de emprego, na Resolución de Alcaldía do 12/12/2022, Decreto núm. 2022-1215, publicado no BOP de Ourense núm. 291, do 22/12/2022.

En virtude das facultades en materia de Persoal, conferidas á Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de bases de réxime local, resolvo:

Primeiro

- Nomear como funcionarios de carreira, para a praza de monitor polideportivo, escala de Administración especial, grupo C, subgrupo C1, dentro dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público ás seguintes persoas:

1- Diego López González , con DNI 3499****D

2- Antonio Vázquez Balado, con DNI 4447****M

As retribucións, funcións e horario laboral serán as establecidas na relación de postos de traballo para o dito posto (núm. de posto 07.00.00.02 e 07.00.00.03).

Segundo

Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e na sede electrónica do Concello de Barbadás, sen prexuízo da toma de posesión, tras o xuramento previo ou promesa de acordo co sinalado no artigo 60 da Lei 2/2025, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Terceiro

Notificarlles a presente resolución ás persoas funcionarias nomeadas, e comunicarlle que deberán tomar posesión e incorporarse no prazo máximo dun (1) mes, a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, de conformidade co sinalado no artigo 60 da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e advérteselle que, de non tomar posesión no prazo indicado, sen causa xustificada, perderán o dereito a seren nomeados como funcionarios.

Cuarto

Crear a bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino na categoría de Monitor Deportivo, como segue:

Javier Valencia Rajoy

Jorge Vázquez Álvarez

Antonio Fernández Rodríguez

Carmen Sofia Pérez Ulfe



O funcionamento da bolsa de emprego rexerese polas bases reguladoras aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 26/02/2024, Decreto núm. 2024-0517, publicado no BOP de Ourense núm. 51, do 12/03/2024.

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo (no prazo dun mes desde o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, ante o alcalde do Concello, artigos 123 e 124 da Lei 39/2015), ou o recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Ourense (no prazo de dous meses que contarán desde o día seguinte á publicación, art. 46 da Lei 29/1998).

Barbadás, 15 de abril de 2024. O alcalde.

Asdo.: Xosé Carlos Valcárcel Doval.

R. 966